

DÚBIDAS MÁSCARA OFICIAL TEMPADA 2020/21

Estimados/as pais/nais/titores, deportistas e directivos/as:

Dende a Federación Galega de Balonmán, a raíz da publicación da máscara oficial da Federación Galega de Balonmán, gustaríanos realizar varias aclaracións para que non se perda a información entre federación, clubs e deportistas, pais, nais, titores/as...

¿Por que decidimos xogar con máscara?

A Federación Galega de Balonmán, en colaboración coa Secretaría Xeral Para o Deporte e outras moitas federacións con similitudes importantes; estivo a traballar dende o mes de maio en medidas para reactivar o balonmán autonómico federado, mantendo conversas periódicas cos clubs e informando en todo momento dos avances e previsións que se manexaban. Entre as medidas adoptadas, baixo a resolución do DOGA do 17 de setembro de 2020, a FGBm optou polo uso da máscara, principalmente por varios motivos:

- As autoridades sanitarias e diversas asociacións coma a Sociedade Española de Medicina do Deporte, apoian o uso da máscara na práctica deportiva, coma medida de prevención ante a covid-19 e que non ten efectos perxudiciais para a saúde.
- A día de hoxe é a medida de prevención máis eficaz contra a covid-19, hai estudos e evidencias que así o demostran.
- A Federación Galega de Balonmán non ten outro interese que reactivar a actividade para que o balonmán non sufra un retroceso irreversible a nivel estrutural coma modalidade, a nivel de número de clubs e por suposto na cifra de adeptos/as e practicantes; algo que ademais, inflúe en moitos postos de traballos directos e indirectos.

¿Como se tomou a decisión?

Unha vez tomada a decisión do uso da máscara, coma primeiro paso para o regreso do balonmán, a federación púxose mans á obra para atopar o modelo que mellor se adaptase ás necesidades dos/as nosos/as deportistas. Despois de probar moitos modelos, de indagar na fabricación e investigar nas propiedades que debería ter una boa máscara, a federación tomou a decisión de traballar cunha empresa galega, neste caso Amura Sport, na consecución dun prototipo que reúna as mellores condicións posibles para a práctica do noso deporte.

O 26 de setembro de 2020, a federación realizou a asemblea extraordinaria, na que se aprobaron as medidas excepcionais para adaptarnos á situación actual da pandemia. Entre as

medidas propostas pola federación, unha delas era a oficialización de un ou máis modelos de máscara, os clubs neste caso ao ver o traballo que se estaba a realizar optaron por secundar a proposta e establecer que este modelo ou modelos foses os determinados pola propia federación. É importante que a asemblea está formada por 12 xogadores/as, 3 adestradores/as, 3 árbitros/as e 42 clubs; a proposta foi aprobada por 34 votos a favor, 0 votos en contra e 4 abstencións.

¿Por que se aprobou un modelo oficial de máscara?

Os motivos son varios e diversos:

1. Atopar un modelo que reúna as mellores condicións para a práctica do balonmán e sobre todo un modelo que nos permita ir mellorando en función da experiencia adquirida no seu uso, unhas melloras que se deben producir en períodos curtos de tempo e nos permitan atender a demanda de todos os deportistas.
2. Unha vez que acadamos a posibilidade do regreso da actividade, trataremos de que sexa dun xeito seguro; a día de hoxe son moitas as empresas que comercializan máscaras hixiénicas, pero hai certos índices e test que se deben cumprir e realizar para garantir que son aptas para a práctica deportiva a medias e altas intensidades.
3. Axilizar o traballo aos clubs e monitores/as; os nenos/as e xogadores/as non levan consigo as homologacións das súas máscaras, ás veces facemos uso de tapabocas que non reúnen as medidas mínimas esixidas para a súa comercialización, moitas veces por descoñecemento e outras moitas por descoido; dende a federación pensamos que cun modelo claramente identificable aforraremos problemas e sustos, e ao mesmo tempo reforzaremos a nosa imaxe coma deporte.
4. Non debemos esquecer que ás máscaras hixiénicas ou cirúrxicas protexen moito máis a os demais individuos que ao portador da mesma, por este motivo, cremos que non debemos escatimar en medidas nin en facilidades para a súa aplicación.
5. A Federación Galega de Balonmán comprometeuse a destinar o 100% dos dereitos de participación dos clubs na compra de máscaras co obxectivo de que ningún neno/a deixe de xogar ao balonmán pola imposibilidade de comprar a máscara, feito que para nós supón un gran esforzo xa que estamos a investir en máis medidas para facilitar o traballo aos clubs.

¿Que ten de especial esta máscara?, ¿por que este modelo e non outro?

Coma comentamos ao inicio, a Federación Galega de Balonmán, despois de testar varios modelos de máscaras deportivas, decidiu optar por traballar man a man cunha empresa galega como é Amura na elaboración dunha máscara que reúna os requisitos básicos para a práctica do deporte a media e alta intensidade, xa que todas tiñan pegas importantes e que non eran sinxelas de solucionar, e menos en tempo e forma. Neste período de case dous meses foron

moitos os traballos levados a cabo para concretar o modelo 1.0 da máscara oficial, buscouse o seguinte:

1. **Homologacións:** As máscaras contan coa homologación 0065:2020 e os estudos realizados polos laboratorios amslab (20-005246) e aitex (2020TM2481).
2. **Probos de rendemento deportivo:** a FGBm desde os seus servizo médicos, realizaron probas en varios hospitais, entre eles o hospital Povisa de Vigo, realizáronse esforzos a baixa, media e alta intensidade, estudando as respostas da máscara (en diferentes fases) en aspectos tan importantes coma a **frecuencia cardíaca e a saturación parcial de osíxeno**; as últimas probas realizadas amosaron resultados verdadeiramente bos (variacións entre o 1 e o 2%), xa que as diferenzas entre levar a máscara e non facelo, a nivel fisiolóxico, son mínimas.
3. **Buscamos unha máscara tricapa (antibacteriana e hidrófuga) e lixeira**, que non supoña a sensación de asfixia, xa que o máis complicado será adaptarse á sensación de portar unha máscara, sobre todo polas sensacións iniciais; de ahí que insistamos en que a intensidade e carga de traballo deben ser progresivas.
4. **Alta capacidade en filtración bacteriana**, superior al 90%, xa que o primeiro obxectivo é que protexa debidamente aos nosos deportistas ante virus e bacterias. Neste caso posúe en torno ao 92%.
5. **Baixo grao de respirabilidade**, é dicir, que o esforzo que haxa que realizar para respirar sexa o menor posible; neste caso é do 12-13%.
6. **Que sexa transpirable**, é dicir, que non acumule humidade co sudor, e que non aporte esa sensación de calor que tanto pode incomodar aos/ás deportistas.
7. **Adaptabilidade e confort.** Que non se mova e que ao mesmo tempo non permita filtracións por zonas que non se axusten á forma da cara, a máscara debe tapar correctamente a nariz, a boca e o queixo.
8. **Sistema de suxeición adaptado á modalidade e regulable.** Esta máscara é semirrígida e adaptable, dispón dun sistema de suxeición que non supón un perigo para a práctica do balonmán, e ademais é regulable.
9. **Durabilidade.** A máscara consta de homologación para 50 lavados, pero o uso recomendable é de 20; xa que a partires de aí o índice de filtración bacteriana se reduce por debaixo do 85%, que segue a protexer, pero menos. Detectamos que é habitual que as máscaras se promocionen cun alto número de lavados, pero nós preferimos ser claros co mantemento das propiedades.
10. **Un prezo asequible.** Entre as máscaras deportivas que maior puntuación están a ter entre os usuarios, as máis baratas son dun prezo de 13,95€ a unidade. Estas máscaras teñen os seguintes prezos:

- Pack unidade: 6.50€
- Pack 2 unidades: 11.95€ (aforro de 1.05€)
- Pack 4 unidades: 22.95€ (aforro de 3.05€)

11. **Un proceso de compra áxil e que poida facer fronte á demanda en tempo e forma.** A posibilidade de fabricar en Galicia cunha empresa coas garantías de Amura Sport permite que as máscaras sexan entregadas en cuestión de 5-7 días coma moito a partir da realización do pedido. A compra pódese realizar online a través da web da FGBm, a federación tan só enlazou a súa páxina coa tenda online de Amura Sport, non é intermediara e non saca ningún rédito económico na venda de máscaras; todo o contrario, ata o de agora leva invertida unha importante partida na realización de estudos do prototipo e na asunción de parte do coste para que non supere os 6,5€.
12. **Un diseño innovador e atractivo, unha boa imaxe.** Esta máscara consta de deseños vistosos e combinables coas camisolas dos clubs galegos; na seguinte versión, terán a oportunidade de realizar personalizacións.
13. A **Federación testou** esta máscara en varias ocasións e con deportistas de diferente condición física, de diferentes modalidades e profesións, e incluso con patoloxías respiratorias, amosando resultados realmente bos en todas as facetas. Os estudos están dispoñibles na FGBm para quen queira consultalos.

IMPORTANTE: A Federación Galega de Balonmán non obtén ningún beneficio económico da venda de máscaras, lonxe dixo, realizou un importante investimento para acadar o modelo adecuado e un sistema de compra áxil. Ao mesmo tempo a FGBm renunciou aos dereitos de participación que abonan os clubs participantes na tempada 20/21 para adicar o 100% á compra de máscaras para os clubs.

Por favor, rogamos que a información que se transmite entre a federación e os clubs non chegue de xeito sesgado aos pais, nais ou titores, xa que estamos a buscar a máxima transparencia e claridade no noso traballo, ademais de procurar a máxima seguridade no noso deporte.

Un cordial saúdo:



A Xunta Directiva da Federación Galega de Balonmán.

En Vigo a 17 de outubro de 2020